

GUÍA DIDÁCTICA

1. Que é a Declaración Universal dos Dereitos Humanos?
2. Quen a aprobou?
3. Cando?
4. Por que?

CUESTIÓNS SOBRE A EXPOSICIÓN

1. Os dereitos humanos pódense vender só a "clientes selectos e de absoluta confianza"?
 - *En que artigo se desenvolve?
 - *Sabes dalgún país onde se conculque?
2. Debemos ser todos iguais ante a lei?
 - *En que artigo?
 - *Cres que isto se cumpre?
 - *En que país se persegue?
3. Temos obrigas cos nosos semellantes?
 - *En que artigo?
 - *En que país non se respecta?
4. Está abolida a escravitude?
 - *Existen diferentes tipos de escravitude na actualidade?
 - *En que artigo?
 - *Onde se "consente"?
5. Tendes dereito á educación? En todos os casos?
 - *Que artigo o recoñece?
 - *Que país o ignora?

6. Todos temos dereito ás vacacións?

*En que artigo se recolle?

*Hai países que o vulneran?

7. As persoas temos dereito á liberdade en igualdade de condicións?

*En que artigo aparece?

*Todos os países son coherentes con el?

8. Temos dereito a cobertura sanitaria?

*Que artigo o desenvolve?

*Algún país o conculca?

9. Podemos pertencer libremente a unha organización política ou sindical?

*En que artigo?

*Pódese en todos os países?

10. Existe no mundo liberdade de expresión?

*En que artigo?

*En que países se vulnera?

11. Pódenos obrigar a casar?

*En que artigo?

*Coñeces países onde se pacten os casamentos en contra da vontade dos interesados?

12. Recoñécese o asilo político?

*E sabes en que consiste?

*E en que artigo se contempla?

*E algún país do que se teña que fuxir por razóns de ideoloxía?

13. Pódese vulnerar a dignidade persoal con calumnias?

*En que artigo?

*Sabes dalgún país onde a defensa ao honor non estea recoñecida?

*Cres que con internet somos todos máis vulnerables?

14. Temos dereito á presunción de inocencia?

*Sabes en que consiste?

*Paréceche importante?

*Que artigo a recolle?

*Que países vulneran este dereito? E algún medio de comunicación?

15. Paréceche que os presos teñen algún dereito?

*Que artigo o recolle?

*Algún país ignora este dereito?

16. Denúnciase a tortura?

*Cres que os gobernantes do mundo a practican?

*En que artigo se desenvolve?

*Que países a exercen?

*Serías capaz de aportar algún eufemismo utilizado para "maquillar" este termo?